

# Os esmolementos de MARICA



↓ Manuel García-Galano

**D**icen que nun é máis feliz quen máis ten sinón quen con menos se conforma. Y Marica da Recachada encaxaba nos d'esta mena. Era úa bodegueira y fóralo toda a vida, lo mesmo que súa madre, de quen heredara a casía pequena –cuase úa bodega– na que nacera y na que vivía sola dende que súa madre morira. Aquela posesión era muito pra ela xa que tía como úa gran cousa dispoñer de “casa de sou”, anque a casa fose tan ruía y probe como a súa.


Pro agora Marica era dobremente feliz porque ye chegara el tempo de cobrar el subsidio da veyez y xa nun tía qu'ir al xornal un día sí y outro tamén como fixera toda a vida. “Anda que levo trabayando abondo”, dicía ás veces a muyer, y tía búa razón, pos foran muitos os anos d'andar d'aquí pr'alí, d'úa casa pra outra pra ganar el sou xornalín.

É verdá qu'os vecíos la tían da súa mao pois a convivencia qu'hai entre a xente dos puebllos fai que nun esqueixan a naide as situacións de necesidá de daquén condo ta tan chegado á porta. Y pra Marica nunca faltaban os roxóis y el fégado pola matanza dos cochos, nin el bolo “polas ánimas” condo se cocía a fornada. Nin outras axudas como as que ye daba Antón del

Covo, el sou vecín del outra veira del camín, que se ye encargaba de recoyerse el recibo da contribución da casía y la aconsayaba en todo aquilo que ye fía falta, qu'era muito, pois Marica fora pouco á escola, a probe, xa que tuvera que trabayar axudando a súa madre dende mui rapacía.

Era Marica úa muyer de bon carácter, pro de non muitas entendedeiras, y ás veces os nenos, sabedores da súa cortedá, contábanye esaxeracióis y cousas qu'a ela ye suaban ben pro que ye costaba trabayo entender y ás qu'acostumaba a contestaryes con exclamacióis que xa nun usa naide máis qu'a xente veyea, como “¡Québrenche os oyos!”, “¡Érgate el demo!”, “¡Válaye Xudas!”, ou cuase sempre “¡Quén vos dera fe!”. Pro nun repunaba a relación cos nenos, gustábaye, y a miudo, pra os sous adentros, botaba de menos nun haber tido ún, anque fora de solteira, como súa madre la tuvera a ela. Pro eran pensamentos que nunca saliran da súa boca pra fora.

Nún d'estos encontros que cada pouco tía cos nenos, un día dixéronye: –¡Á Marica!, ¿nun sabes qu'el Gobierno nos vai cambiar os cuartos por eiros?



DIBUJO: JUAN E. CABELLADA



DIBUJO: JUAN E. CAMELADA

Ela tomóuyelo a chanza, pro tanto ye insistiron que ye faltóu tempo pra ir contaryo al sou conseyeiro Antón del Covo pra que ye aclarase aquilo que ye dera tanto desasosego. ¿Pra qué quería ela eiros agora que taba retirada? Ela quería os sous cuartos, os sous aforríos de toda a vida que, por bon conseyo d'Antón, fora poñendo nel banco pra telos ben guardados "por si

chegaba úa necesidá" –xa qu'así la enseñara súa madre–, pro cambialos agora por eiros... ¡eso non!

Y Antón, cua pacencia que Dios ye dera, foi esplicándoye lo miyor que puido a cousa del cambio de moneda, y de cómo as pesetas se convertían en euros, non en eiros, como os nenos ye dixeran pr'amolala. Y Marica tranquilizóu. Nun entendéu nin pouco nin muito as explicacións d'Antón sobre a convertibilidad das pesetas, pro bastóuye saber qu'os sous cuartos, anque eran poucos, nun yos quitaba naide. Y esqueicéuye el asunto anque xa escuitara nel río el bule-bule das mueres sobre a nova moneda. Pro ela pensaba que sería algo así como condo aparecieron os rales con furaco. Y nun ye deu máis esmolementos a costión.

Nun ye deu máis esmolementos hasta que ye chegóu el día d'ir cobrar el subsidio, qu'era un trámite que nun delegaba en naide; nin en Antón. Eso fíalo ela personalmente y volvía prá casa todos os meses col sou farricado de pesos lamar de contenta.

Pro ese día el pagador del banco tía daqué de novo qu'esplicarye. Y condo ela ye dixo, como sempre, "póñame mil pesos na libreta y díame os outros", el home espúxoye axeito pra que lo enten-

dese os valores da nova moneda que ye daba y de cómo el saldo que tía na libreta iba agora anotados dichosos euros que tanta laya ye deran tempos atrás, y por qué os corenta mil pesos que tía quedaban convertidos en "mil douscentos dous euros, con dous céntimos d'euro", díxoye.

Volvéu prá casa qu'escentellaba. Y antes d'entrar nela chegóuse á d'Antón del Covo, el sou conseyeiro.

–¡Antón, mira lo que me fixeron! –dizye toda desencaxada, apurríndoye a libreta–. Os meus corenta mil pesos engalaron. ¡Deixáronme desprobada, así Dios me salve! ¡Mil douscentos euros!; ¡úa picañada! ¿Ves pra qué tuven eu trabayando toda a vida?

De pouco servíu qu'Antón tratase de convencela de qu'aquelos cuartos eran os mesmos de sempre. Nun entraba en razóns: ela quería ver alí apuntados os sous corenta mil pesos; el demáis tía sin cuidado.

Colorada como úa cereixa, col sangue subido á cabeza, y fiera como úa fuina, zanzóu a costión dicíndoye a Antón:

–¿Sabes qué máis? ¡Que nun volvo a votar por este Gobierno, nin anque tu mo recomiendes! ¡Que s'amosen!

